



II Premio a artigos  
xornalísticos  
normalizadores  
Concello de Carballo

2006

Premio  
a artigos  
xornalísticos  
normalizadores

ORGANIZA



COLABORAN



A Peneira

Diario de Bergantiños

Galicia Hoxe

La Opinión  
A Coruña

La Voz de Galicia

TEMPOS



# II Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo

2006

## Bases

### 1. Obxectivos

O Concello de Carballo, desde o seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con varios medios de comunicación escritos, convoca o **II Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2006** cos seguintes obxectivos:

- Promover a reflexión sobre a situación da lingua galega.
- Crear espazos nos xornais para analizar a situación social da lingua galega.
- Promover o uso do galego na prensa escrita.

### 2. Participantes

Poderán participar neste concurso de xeito individual todas aquelas persoas que o desexen, sen límites de idade, nacionalidade, profesión, etc. Cada participante deberá facelo cun único artigo.

### 3. Características do artigo

Os artigos serán inéditos e deberán estar escritos en galego seguindo a normativa oficial. Neles tratarase calquera tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega, co seu estatus, coa normalización lingüística en xeral ou nalgún sector ou ámbito determinado, coa lexislación e os dereitos lingüísticos, etc.

Os artigos presentados deberán ter entre **3.500 e 4.500 caracteres** con espazos incluídos.

### 4. Forma de presentación

Os artigos presentaranse nun sobre grande pechado, deberán estar asinados cun pseudónimo e neles non poderá figurar o nome nin ningunha outra referencia ao autor ou á autora.

Dentro do sobre grande incluírase tamén un sobre pequeno pechado que levará escrito por fóra o título do artigo e o pseudónimo da súa autora ou autor. No seu interior figurará o nome e apelidos do/a autor/a, o enderezo completo, o número de teléfono, o enderezo electrónico, a profesión, etc., e tamén o título do artigo e o pseudónimo utilizado.

Os artigos deberán presentarse por **cuadruplicado** no Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística do Concello de Carballo (Pazo da Cultura) ou por correo certificado en sobre pechado no que se deberá presentar toda a documentación requirida, e facendo constar no remite o pseudónimo empregado e na parte dianteira do sobre:

II Premio a artigos xornalísticos normalizadores  
Concello de Carballo 2006  
Rexistro de Cultura, Ensino e Normalización Lingüística  
Pazo da Cultura, 1.º andar  
Rúa do Pan s/n - 15100 Carballo

Horario do rexistro: de 10.00 h a 13.30 h.

### 5. Prazo de presentación

O prazo de admisión de artigos comezará o 6 de marzo e **rematará o 21 de abril** de 2006.

### 6. Premios

Outorgaranse dous premios:

- 1.º Premio: 900 euros e a publicación do artigo en todos os medios colaboradores co Premio.
- 2.º Premio: 300 euros e a publicación do artigo en todos os medios colaboradores co Premio.

### 7. Xurado

O xurado estará composto por catro persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria. Unha delas actuará como secretario/a, con voz e sen voto, por proposta e en representación do Concello de Carballo.

### 8. Selección, avaliación e entrega de premios

Para a selección dos traballos premiados, o xurado terá en conta:

- A adecuación ao tema e xénero solicitados.
- A clareza expositiva e a calidade lingüística.
- Os contidos orixinais e atractivos.
- A capacidade de incidencia no público.

Ao xurado correspóndelle avaliar e deliberar sobre os traballos presentados e poderá declarar deserto algún premio ou todos eles, así como conceder libremente algún accésit, aínda que sen dotación económica.

A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de 25 días despois do remate do prazo de entrega de artigos. A entrega de premios terá lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación. Os/as autores/as premiados/as comprométense a asistir a este acto.

A data de publicación dos artigos premiados nos xornais colaboradores será anunciada canda a do acto público de entrega de premios.

### 9. Base final

Os artigos premiados quedarán en propiedade do Concello de Carballo, quen terá todos os dereitos sobre eles.

Para a súa publicación, os artigos poderán ser revisados lingüísticamente.

Transcorrido un mes desde a entrega de premios, os artigos non premiados que non sexan recollidos serán destruídos.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá unicamente a opinión do xurado.

### Colaboran con este Premio e publicarán os artigos gañadores

- A Nosa Terra (semanal)
- Diario de Bergantiños (diario)
- La Opinión de A Coruña (diario)
- A Peneira (quincenal)
- Galicia Hoxe (diario)
- La Voz de Galicia [edición Carballo] (diario)
- Tempos Novos (revista mensual)
- Vieiros (xornal dixital)

ORGANIZA



COLABORAN



A Peneira

Diario de Bergantiños

Galicia Hoxe

La Opinión

La Voz de Galicia

TEMPOS

VIEIROS

Novas na túa liña